XACOBEOAUTISMO

Un camiño de todos

Guía de accesibilidade



Fundación Menela

rede de servizos para o autismo e a dependencia

XACOBEOAUTISMO. Un camiño de todos

INTRODUCION

Fundación Menela a través do seu Centro Castro Navás, para persoas adultas con Trastorno do Espectro do Autismo, situado na parroquia de Priegue (Nigrán – Pontevedra), presentou un Proxecto de dinamización do Xacobeo 2021 dentro do Programa O Teu Xacobeo (TU300A), acadando a súa resolución provisional de subvención por resolución da Axencia Turismo de Galicia. O orzamento subvencionable foi de 20.413,34 euros e a subvención proposta acadou 14.289,34 euros no concepto Xacobeo Autismo. Un Camiño para Todos. O concello de Nigrán aporta 4.000 euros e a cantidade restante de 2.124 pola propia Fundación Menela.

FUNDACIÓN MENELA

A Rede de Servizos para o autismo (en diante TEA) e a dependencia de Fundación Menela, constitúese en Vigo en 1989. É unha recoñecida entidade de iniciativa social sen ánimo de lucro, declarada benéfico - asistencial e de interese galego, que dispón dunha Rede de Centros e Servizos para a Atención e Tratamento de Persoas con TEA e as súas familias, dende os primeiros anos de vida ata a idade adulta, que se foi desenvolvendo desde o ano 1976.

Na actualidade Fundación Menela, conta cun equipo multiprofesional que desenvolve a súa labor a través do Servizo de Diagnóstico, Atención Temperá (nenos menores de 6 anos) e Atención Integral (nenos de mais de 6 anos) no edificio CAMI e o Centro de Formación, rúa Laxe nº 3; Colexio Menela, Camiño da Veiguiña, 17 (Alcabre); Fundación Tutelar "Camiño do Miño", Xoanelo, 2; Empresa Castro Navás S.L., de cara a inserción socio laboral das persoas con TEA e a Dirección e administración de Fundación Menela, rúa Marqués de Alcedo, nº 19. Todos estes servizos están situados no concello de Vigo. Todos estes servizos, configuran a Rede Menela, realizando diagnósticos, atención psicolóxica tempera, educación especial a través dos seus respectivos equipos multiprofesionais de psicólogos, educadores, logopedas, terapeutas ocupacionais, profesores de educación especial ou traballadora social, na Área Metropolitana de Vigo. No ano 1993 Fundación Menela, inaugurou na parroquia de Priegue (Nigrán- Pontevedra) o Centro de Día e Residencial para persoas adultas con TEA.

Fundación Menela, posúe unha longa experiencia e desenvolveu a través da súa Rede Menela na Área Metropolitana de Vigo, servizos e centros para as persoas con TEA. Escolares e persoas adultas totalizan a redor de 94 usuarios, e os servizos ambulatorios de diagnóstico e atención temperá e integral, atenden unha media de 200 persoas o ano.

TRASTORNO DO ESPECTRO DO AUTISMO (TEA)

Os TEA, é un trastorno complexo, que afecta o sistema nervioso e o funcionamento cerebral, orixinando dificultades no procesamento da información e dos estímulos sociais, así como na flexibilidade do pensamento e a conduta.

Este trastorno acompaña a persoa con TEA ao longo da súa vida, aínda que as súas necesidades e manifestacións cambian nas distintas etapas do seu desenvolvemento. O impacto non só é, na persoa senón tamén na súa familia, e na calidade de vida de tódolos seus membros. Como discapacidade invisible non leva asociado ningún resgo na aparencia externa especifico, manifestándose só a nivel de comportamentos.

Nos últimos anos, constatouse un aumento considerable de casos detectados e diagnosticados ¿Porque? Unha maior precisión nos procedementos e instrumentos de diagnostico, a mellora do coñecemento e formación dos profesionais, pero tamén pode ser, un aumento real da súa incidencia!! A redor de 3.000 persoas con TEA poden estar afectadas en Vigo. En Galicia 27.000, e en España 450.000 casos. O autismo podería afectar a redor de 1 caso cada 60/70 nenos en idade escolar. O 1% aproximadamente da poboación mundial padecería de autismo.

O diagnostico dos TEA comporta: Unha boa historia clínica e unha aplicación de probas especificas, incluída unha avaliación biomédica complementaria de cara o informe final cas principais orientacións sobre o plan de apoios a desenvolver.

As manifestacións dos TEA varían considerablemente entre as persoas que os presentan, así como as súas habilidades intelectuais, desde a discapacidade intelectual a capacidades situadas no rango medio, ou superior o mesmo. Porén, tódalas persoas con TEA comparten as diferentes características que definen este trastorno. En xeral, as súas habilidades de interacción cos demais son moi distintas cas habituais. Nalgúns casos poden presentar un illamento social importante, ou non manifestar moito intres por relacionarse cos demais. Noutras ocasións poden intentalo dunha forma estraña, sen saber moi ben como facelo, e sen ter en conta as reaccións da outra persoa.

Polo momento, non existe ningunha cura para os TEA. Porén, existen factores que van influír de maneira importante no desenvolvemento da persoa que os presenta e na súa calidade de vida. É fundamental que o diagnóstico se faga de maneira precoz e que o neno reciba unha apropiada intervención temperá. Ademais, é fundamental que os recursos educativos e comunitarios sexan os adecuados as súas necesidades individuais, e que dispoñan dunha rede de apoio que facilite a súa participación social. É necesario destacar que a persoa con TEA sigue desenvolvendo e aprendendo ao longo de toda a súa vida.

ACCESIBILIDADE UNIVERSAL - DESEÑO PARA TODOS

Desafortunadamente, na actualidade esta premisa esta lonxe de ser real e efectiva. Dispoñemos de normativas, declaracións, argumentos e documentos de ordenamentos que defenden a igualdade de oportunidades e a non discriminación para tódalas persoas con discapacidade, pero na vida cotián experimentase situacións diarias de discriminación e exclusión social que están lonxe de desaparecer. As persoas con TEA se confrontan a diario a dificultades para comprender e responder de maneira adaptada os requirimentos dun contexto enormemente variable e demandante. Para elo, é necesario ampliar a visión parcial da sociedade sobre as condicións que limitan ou dificultan a participación comunitaria, identificándoas principalmente con elementos ou barreiras físicas do contexto.

O Goberno español aprobou o 6 de novembro de 2015, a accesibilidade como liña estratéxica transversal tratando de facilitar a accesibilidade universal e o deseño para todos no desenvolvemento das novas tecnoloxías da información e da comunicación, favorecendo o uso das mesmas por parte das persoas con TEA.

A adopción da Acta Lexislativa Europea de Accesibilidade (2-12-2015), suporá un gran avance en favor da inclusión a redor de 8 millóns de persoas con discapacidade en Europa e permitira dar resposta as esixencias da Convención das Nacións Unidas relativa os Dereitos das Persoas con Discapacidade, ratificada pola Unión Europea e tódolos estados membros (a excepción de Irlanda).

En 2017 cómprense dez anos da Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade. Para conmemorar este decimo aniversario o Foro Europeo das Persoas con Discapacidade (European Disability Forum), lanzou unha campaña, sobre: as barreiras invisibles; sensibilizando a comunidade, escolas ou lugar de traballo para potenciar un maior respecto cara as persoas con autismo, baseándose en conseguir unha sociedade mais accesible apoiándose no slogan: “nada sobre nós, sen nós” ou “que non se me explique que se espera de min en determinadas situacións sociais”.

As barreiras a romper de cara a unha sociedade mais accesible, non poden ser outras que: Informando; anticipando; estruturando; apoios visuais; comunicacións alternativas; apoios sociais; intres por coñecer a estas persoas; coñecemento sobre o autismo; ausencia de prexuízos; sensibilización; individualización; simpatizar cas necesidades destas persoas con autismo, etc.

No ano 2017 o Manifesto do Movemento asociativo de Autismo Europa e España con motivo da celebración do Dia Mundial da Concienciación sobre o Autismo, dedicouse e tivo como lema: “Rompamos xuntos barreiras polo autismo. Fagamos unha sociedade accesible”, co obxecto de concienciar a sociedade sobre este tipo de trastorno e promover a inclusión social das persoas con TEA.

ACCESIBILIDADE COGNITIVA PARA AS PERSOAS CON TEA

Un dos colectivos que presenta mais dificultades no acceso e goce das contornas da comunidade son o das persoas con TEA.

O termo Trastorno do Espectro do Autismo fai referencia a un conxunto amplío de condicións que afectan ao neurodesenvolvemento cerebral. Aínda que existe unha gran variabilidade nas súas manifestacións afecta sempre as competencias sociais e comunicativas da persoa, así como a súa capacidade para responder de forma adaptada as esixencias da vida cotián. Asociase tamén as grandes variacións no desenvolvemento da linguaxe e no funcionamento intelectual de cada persoa.

Estas características, en interacción coas barreiras presentes na contorna, fan que as persoas con TEA se confronten a diario a dificultades para comprender e responder de maneira adaptada os requirimentos dun contexto enormemente variable e demandante.

É evidente que, a pesar dos avances conseguidos, actualmente a sociedade non conta cas condicións necesarias para facilitar a superación das barreiras (principalmente cognitivas e sociais) que as persoas con TEA atopan nas súas vidas cotiáns.

As repercusións para a súa calidade de vida e para o goce dos seus dereitos debido a falta de medidas en materia de accesibilidade cognitiva son evidentes. Isto fai que sexa imprescindible pasar dunha vez "do dito o feito" e establecer as medidas necesarias que favorezan o goce efectivo do dereito a acceder os bens e servizos da sociedade, en igualdade de condicións aos demais cidadáns.

Para elo, é necesario ampliar a visión parcial da sociedade sobre as condicións que limitan ou dificultan a participación comunitaria, identificándoas principalmente con elementos ou barreiras físicas do contexto. As barreiras cognitivas existen, as veces son sutiles e difíciles de comprender para aqueles que non as sofren, pero as súas repercusións son tan significativas como as físicas e limitan a diario os dereitos de moitas persoas con TEA.

CONTEXTO E XUSTIFICACIÓN DA ACCESIBILIDADE PARA AS PERSOAS CON TEA

O entorno no que a persoa se desenvolve é o medio que permite a súa interacción social, persoal, cultural e profesional. Para as persoas con TEA é necesario que o entorno sexa comprensible e para elo a información dos espazos debe estar disposto de forma sinxela. Solo así poderán participar do entorno de forma autónoma eliminando barreiras e mellorando a súa autonomía , autoestima e calidade de vida.

Para dar resposta a estas necesidades propoñemos: Un proxecto de promoción da accesibilidade cognitiva e sensibilización para as persoas con TEA: Un proxecto de carácter socioadministrativo destinado a promover o desenvolvemento normativo en materia de accesibilidade cognitiva como elemento garante do dereito das persoas con TEA no acceso a bens e servizos en igualdade de condicións.

Un programa que se poida estender a tódolos concellos situados ao longo do Camiño Portugués pola Costa (A Guarda, San Miguel de Oia, Baiona, Nigrán... en favor das persoas con TEA, de carácter social e inclusivo que ten un dobre obxectivo:

- Implantar prácticas dirixidas á mellora da accesibilidade cognitiva en espazos administrativos e de xestión dos concellos do Camiño Portugués pola Costa extensible a colexios ordinarios ou especiais, centros para persoas con discapacidade así como albergues, hoteis ou calquera outros establecementos de uso público ou privado,

- Dotar as persoas con TEA e outras discapacidades de habilidades funcionais, que lles permita unha mellor relación coa administración municipal, e por conseguinte mellorar a súa calidade de vida.

Debemos ter en conta que o sistema de servizos e dependencias dos concellos, deseñado para a poboación en xeral pode resultar complicado incluso para persoas normais. Por outra banda as persoas con TEA, dadas estas circunstancias adoitan utilizar menos os servizos que os concellos ofrecen. Tamén resulta que os profesionais municipais que están o fronte de cadanseu servizo, por razóns obvias, non teñen a formación necesaria no que respecta a comunicación con estas persoas con TEA e outras discapacidades. A saturación as veces, ruídos visuais ou sonoros, que poden presentarse nas dependencias municipais poden dar lugar a problemas de conduta que dificultaran a atención, que sexa a demandada.

O día 2 de abril de cada ano foi declarado polas NNUU Día Mundial da Concienciación do Autismo (DMCA). Día no que habitualmente celebrasen actos públicos, a redor da data indicada, a través dos cales tratase de sensibilizar e facer visible o problema dos TEA.

Por todo iso propoñemos a necesaria sinalización con pictogramas nas dependencias mais salientables dos concellos que están sobre todo pola súa afluencia no Camiño Portugués pola Costa e de forma progresiva ampliada a tódolos organismos, dependentes do ámbito municipal de cadanseu concello.

Esta iniciativa presentase e xustificase coa convicción de que os concellos do Camiño Portugués pola Costa sexan un referente de vilas e cidades accesibles, adaptadas e libres de barreiras. Unha vila ou cidade inclusiva e integradora, onde tódolos seus cidadáns, teñan os mesmos dereitos e oportunidades. Unha vila ou cidade, onde nos sintamos a gusto sexan cales sexan as nosas capacidades individuais.

Os sistemas aumentativos e alternativos de comunicación (SAAC) constitúen xeitos de expresión distintos á linguaxe falada e teñen como obxectivo compensar as dificultades de comunicación e linguaxe de moitas persoas con discapacidade.

As persoas con TEA e tamén con outros trastornos da comunicación que afectan á linguaxe e socialización utilizan os pictogramas para desprazarse na súa contorna, e favorecer deste xeito a súa inclusión e mellor comprensión do mundo que os rodea. Neste senso, faise necesario dispor tamén destes instrumentos nos lugares públicos como evidentemente seria oportuno nos concellos que forman parte do Camiño Portugués pola Costa.

ACCIÓNS A REALIZAR NOS CONCELLOS

Coa colaboración dos concellos do Camiño Portugués pola Costa, Fundación Menela incorporaría os Sistemas Aumentativos e Alternativos da Comunicación (SAAC) á sinaléctica que poidan posuír concellos: un numero determinado de pictogramas, previamente seleccionados naqueles servizos e/ou departamentos aos que normalmente se accede: recepción, alcaldía, cultura, benestar social, vías e obras, normalización lingüística, deportes, xardinaría...

Os TEA son trastornos degran complexidade que afectan ao desenvolvemento e funcionamento cerebral, especialmente nos aspectos mais directamente relacionados có procesamento da información que procede de estímulos sociais. As persoas con TEA son excelentes pensadores visuais, é dicir, perciben, comprenden, asimilan e reteñen mellor a información que se lles presenta de forma visual.

Esta forma de representar a información de xeito concreto, visual e permanente axústase as características específicas do pensamento dunha persoa con TEA.

Deste modo a utilización de apoios visuais convértese nunha estratexia básica e fundamental tanto no proceso de aprendizaxe das persoas con TEA como no proceso de inclusión social. A información visual adapta a contorna e facilita o contexto dun maior significado para as persoas con TEA e outras discapacidades, o que redunda nunha maior independencia, autonomía e autocontrol.

A comunicación e a linguaxe son esenciais para calquera persoa, e a súa relación cos demais, no proceso de aprender, gozar e participar na vida social. Tódalas persoas, sexan nenos ou nenas, mozos ou mozas ou persoas maiores que por calquera motivo non adquirisen ou perderan un nivel de fala suficiente para comunicarse de xeito satisfactorio, poden precisar e beneficiarse dun Sistema Alternativo e Aumentativo da Comunicación.

Con este proxecto Fundación Menela recoñece a importancia da accesibilidade cognitiva e defende o dereito que teñen tódalas persoas con TEA e outras discapacidades para acceder os recursos da administración pública, neste caso aos servizos e dependencias dos concellos do Camiño Portugués pola Costa e gozar dun coñecemento e asistencia administrativa de calidade.

OS PICTOGRAMAS A EMPREGAR NOS CONCELLOS DO CAMIÑO PORTUGUÉS POLA COSTA

Unha das características do procesamento cognitivo das persoas con TEA, é a facilidade coa que contan no momento de procesar imaxes; estudos recentes veñen de demostrar como as persoas con TEA concentran máis actividade cerebral en áreas asociadas coa identificación e detección visuais, polo que en moitas ocasións fálase das persoas con TEA como “pensadores visuais”.

As fotografías e os pictogramas convértense nunha ponte para lograr asociar palabra e imaxe e desenvolver a linguaxe.

Os pictogramas resultan da combinación de formas xeométricas, cores e un símbolo aos que se lle asina un significado coa información relativa a aquilo que se quere comunicar e cuxa comprensión debe ser universal.

Os pictogramas son ferramentas útiles xa que ofrecen un paso a paso fácil de entender para resolver situacións cotiás e son recomendados por tódalas guías de boas prácticas de intervención téndose demostrado cientificamente a súa eficacia e validez.

Os pictogramas non só, son útiles para as persoas con TEA, senón que tamén serven as persoas que non coñezan ben a lingua local ou presenten dificultades de comprensión da información:

- nenos cativos
- persoas con discapacidade intelectual
- persoas con percepcións sensoriais alteradas
- inmigrantes
- turistas
- persoas maiores con perdidas cognitivas, etc.

Os pictogramas habitualmente utilizados son os do portal aragonés ARASAAC, que cede gratuitamente pero estando sometidos a licencia de utilización, polo que nos mesmos debe figurar a autoría.

OBXECTIVOS E RESULTADOS ESPERADOS

Tratase de avanzar na accesibilidade universal e deseño para todos e na igualdade de oportunidades para as persoas afectadas con TEA e outros trastornos da comunicación que afectan á linguaxe. O implementar a sinalectica con pictogramas nos lugares públicos de referencia, caso dos concellos aludidos, obtéñense os obxectivos e o seu resultado engadido de achegar a realidade as persoas con TEA de cara a compartir co resto da poboación unha vida mais inclusiva e de calidade.

FORMACIÓN O PERSOAL MUNICIPAL

O proxecto pode enriquecerse, cunha información a través dunha charla-coloquio a realizar en cadanseu concello de cara a presentar o proxecto e o alcance do mesmo destinado ao persoal da administración municipal, que seria impartido polo equipo multiprofesional de Fundación Colexio Menela.



Máis información en.

- www.menela.gal
- 986.423.433
- fundacion@menela.gal
- Facebook: @menela.gal

XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 2021

Fundación Menela
rede de servizos para o autismo e a dependencia

Concello de Nigrán